NUBES PASAXEIRAS

Título orixinal ***Kauas Pilvet Karkaavat***
Ano **1996**
Duración **96'**
Dirección, guión e montaxe **Aki Kaurismäki**
Idioma **Finés**
Fotografía **Timo Salminen**
Música **Shelley Fisher, Antero Jakoila, Piotr Tchaikovski, Rauno Lehtinen, Taisto Wesslin, Rauli Somerjoki, Heikki Valpola, Olavi Virta, G.F. Händel, Marko Haavisto, Matti Jurva, Arvo Koskimaa, Jani Uhlenius**
Son **Jouko Lumme**
Reparto **Kati Outinen, Kari Väänänen, Elina Salo, Sakari Kuosmanen, Markku Peltola, Matti Onnismaa**
Produción **Sputnik Oy**
Distribución **Golem**

Ilona e Lauri, unha parella como outras tantas, van construíndo a súa vida como mellor poden. Ela é *maître* no restaurante Dubrovnik e el condutor de tranvías. As letras van vencendo e vense os dous sen emprego con pouco tempo de diferenza. Enfrontarán a indolencia da sociedade ao seu esforzo por refacer as súas vidas.

Nominado á Palma de Ouro no Festival de Cannes, onde se fixo cunha mención especial do xurado ecuménico.

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#123
24.7.2020

NUBES PASAXEIRAS

AKI KAURISMÄKI

CINECLUBE PONTEVEDRA

«SÓ PODO SERLLE FIEL Á MIÑA IDEA DO CINEMA»

Visualmente, *Nubes pasaxeiras* sitúase entre o realismo e a estilización… Diría máis ben que entre a miña tristura e Yasujiro Ozu. Nesa época andaba tan triste que non podía achegarme a ninguén. Por iso non hai primeiros planos no filme. Ademais, eu quería un estilo coma o de Ozu. A miña cámara é máis alta, mido tres centímetros máis ca el. El sentaba sempre para rodar. Eu nunca tiña cadeira.

Igual ca Ozu, pasa vostede a maior parte do tempo sen mover a cámara. Mais si a move cando Lauri regresa con flores ou cando a antiga patroa de Ilona lle ofrece cartos para o restaurante. A que obedecen estas opcións? No meu primeiro filme, *Crime e castigo*, a cámara non paraba de moverse, mais eu tiña vinte e seis anos, era novo e sobrábame a enerxía. Co tempo non lle atopei sentido a seguilo facendo, non consigo convencerme da pertinencia do asunto. Hai que engadir que a miña é unha cámara moi vella, un aparato que lle merquei a Ingmar Bergman cando se retirou do cinema. Filmou con ela *Fanny e Alexandre* e algúns outros filmes. Eu mesmo a utilicei nunha trintena de filmes. É un aparato antigo. Igual ca min, está moi canso e non ten ansia de moverse. Se non vexo un motivo concreto para desprazalo —é moi pesado!—, conténtome con planos fixos. Ao fin e ao cabo, Ozu non fixo outra cousa. No cinema de Hitchcock vemos algunhas veces que a cámara se achega aos ollos do personaxe para que o espectador comprenda o que está pasando. Iso paréceme redundante.

Interésanlle máis as consecuencias psicolóxicas e emocionais do desemprego na xente, e non tanto o aspecto económico do problema… Coido que xa é tarde de máis para opoñer o malvado capitalista e o valente proletario. Na actualidade o inimigo é invisible, a tecnoloxía tomou o poder. Nos nosos días, os patróns non son máis ca engranaxes da máquina, semirrobots que non saben nin onde van nin por que. Por outra banda, díxenme que o desemprego era un tema que os cineastas europeos non trataran moito, e que isto resultaba vergoñento. Precisaba falar deste problema ou non podería seguir mirándome ao espello polas mañás.

Fixo un filme sen grandilocuencia pero divertido… Non lles teño estima ningunha aos filmes onde se masacra a xente con armas de fogo e que pretenden ser divertidos. Un filme ten sempre unha escala. Se comezas a disparar e a xogar con explosivos, nunca é abondo. Se o filme sintoniza nun nivel minimalista, mesmo o son dunha tos adquire dramatismo. Se o protagonista esvara e cae na rúa, o espectador está preocupado polo que pasou, mentres que noutros filmes hai personaxes que caen dun avión e non se fan nin un rabuño. *Ladrón de bicicletas* é un bo exemplo de como o espectador se preocupa polos personaxes. Cando me puxen a escribir o guión do filme, coloquei a un lado do meu horizonte a historia de salvación sentimental de Frank Capra —*Que belo é vivir!*— e ao outro *Ladrón de bicicletas*, de De Sica, e puxen a realidade finlandesa no medio.

Nótase o seu desexo de rematar o filme cunha nota optimista, case ao estilo Frank Capra… Na miña opinión, o mundo en que vivimos non ten esperanza e rematará en 2021. Non quería imprimirlle unha moral persoal ao último plano. Non tiña necesidade ningunha de facerlle propaganda ao pesimismo, que está xa en todas partes. Díxenme que se trataba o tema do desemprego, podería permitirme engadir un final tipo Capra xa que, na realidade, corresponderíalle máis ben un duplo suicidio. Se o comparamos coa situación finlandesa, o filme é un conto de fadas porque, no meu país, o paro aféctalle ao 26 % da poboación. Xunto con España, constitúe a peor taxa de Europa. As cifras aproxímanse ás da Gran Depresión dos anos trinta en Estados Unidos. A economía desbocouse, os bancos quebraron porque os nosos gobernantes son tan afeccionados que non souberon controlar nada.

Cal é a súa relación co neorrealismo e con filmes coma *Ladrón de bicicletas*? Eu quixen facer neorrealismo en cores, cun engadido de humor, xa que o estilo de De Sica carece totalmente del. Igualmente, engadín algo de Ozu no xeito de contar a historia. A título retrospectivo, tamén me dei conta da influencia de Douglas Sirk e de Edward Hopper. O idealismo que vemos en *Nubes pasaxeiras* é o dos filmes en cor con Jane Wyman e Rock Hudson. Hai un 30 % de Ozu, 30 % de De Sica, 15 % de Sirk, 20 % de Hopper, 10 % de Capra. Iso fai un 105 %! E onde estou eu neste reparto? Non son cineasta, son un axitador de cócteles!

***Nubes pasaxeiras* recibiu o premio ecuménico no festival de Cannes. É bastante irónico, non lle parece?** Estou afeito. Con *A rapaza da fábrica de mistos* recibín xa dous premios deste tipo: o da igrexa católica e o da protestante. Non me sorprendeu. Saben que no fondo son relixioso. Creo no perdón e en San Pedro. Deus morreu hai tempo e Xesucristo era un drogata. O único que fica no ceo é San Pedro e ademais ten as chaves. É o único que conta.

Heredero, C. (Ed.), *Emociones de contrabando. El cine de Aki Kaurismäki*. Valencia: Filmoteca de la Generalitat Valenciana. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.